



## **A ENTRADA EN VIGOR DA LEI REGULADORA DA SUBCONTRATACIÓN NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN**

O próximo 19 de abril entrará en vigor a Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construcción (en adiante *Lei de Subcontratación*).

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, as Comunidades Autónomas e os axentes sociais están traballando intensamente na elaboración dunha norma regulamentaria que concretará os aspectos da Lei que precisan de desenvolvemento para a súa plena efectividade.

Tanto a Lei como o regulamento de desenvolvemento introducirán algunhas cuestións novidasas no noso ordenamento: a esixencia duns requisitos de solvencia e calidade ás empresas, un novo réxime de ordenación e limitación da subcontratación, maior transparencia e máis garantías para os traballadores de empresas incluídas en cadeas de subcontratación.

O seu obxectivo é o de recoller uns criterios claros e sinxelos respecto a posta en funcionamento de este novo e importante conxunto normativo. En todo caso, debe recordarse que a interpretación do ordenamento xurídico corresponde en exclusiva aos órganos xurisdiccionais, sen prexuízo da interpretación da norma que implica a súa aplicación polas autoridades laborais.



• **¿Qué obrigas establece a Lei de Subcontratación e cando serán esixibles?**

De forma esquemática, o seguinte cadro recolle as obrigas esixidas pola Lei de Subcontratación no Sector da Construcción, así como o momento no que serán esixibles:

| OBRIGA  | ESIXIBILIDADE   |
|---|---|
| <p><b>1. <a href="#">Requisito de solvencia e calidade empresarial</a></b></p> <p>As empresas contratistas e subcontratistas deben acreditar:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Dispoñer de infraestrutura e medios adecuados para levar a cabo a actividade e exercer directamente a dirección dos traballos.</li><li>- Acreditar que o seu persoal dispón de formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais.</li><li>- Acreditar que conta cunha organización preventiva adecuada.</li></ul> | <p><a href="#">Obras nas que a súa execución se inicie</a> con posterioridade a 19/04/07</p>  |
| <p><b>2. <a href="#">Requisito de estabilidade no emprego:</a></b></p> <p>As empresas contratistas e subcontratistas deben dispoñer dunha porcentaxe mínima de traballadores indefinidos</p>  | <p>Nos termos que determinen as normas transitorias do regulamento</p>  |
| <p><b>3. Inscribirse no <a href="#">Rexistro de Empresas Acreditadas</a></b></p>  | <p>Transcorrido un ano dende a entrada en vigor do regulamento</p>  |
| <p><b>4. Cumprir os <a href="#">límites no réxime de subcontratación</a> establecidos na Lei</b></p>  | <p><a href="#">Obras nas que a súa execución se inicie</a> con posterioridade a 19/04/07</p>  |
| <p><b>5. Dispoñer cada empresa contratista do <a href="#">Libro de Subcontratación</a></b></p>  | <p>Provisionalmente e dende o 19 de abril utilizaranse as fichas do anexo da Lei</p> <p>O regulamento determinará o modo e condicións de habilitación do Libro.</p> |
| <p><b>6. Cada empresa contratista debe <a href="#">dar acceso ao Libro</a> de Subcontratación a todos os axentes que interveñen na obra e representantes dos traballadores n obra</b></p>   | <p>Dende que se dispoña do Libro (provisionalmente, e dende o 19/04/07, ás fichas do anexo da Lei)</p>  |
| <p><b>7. Informar aos representantes dos traballadores de todas as empresas da obra sobre todas as contratacións ou subcontratacións da mesma</b></p>   | <p>Dende o 19/04/07</p>   |

- **¿Qué se entende por inicio da execución da obra, a efectos de esta Lei?**

Hai que ter presente que a Lei de Subcontratación é unha norma laboral, polo que, aos efectos de determinar o inicio da execución da mesma, convén remitirse ao momento no que a obra adquire a consideración de centro de traballo. Neste sentido, o comezo “laboral” da obra de construción ten lugar no momento no que comezan os traballos e existen empresarios e traballadores na mesma.

## **1. O REQUISITO DE SOLVENCIA E CALIDADE EMPRESARIAL**

- **¿En qué consiste o requisito de solvencia e calidade empresarial?**

As empresas contratistas e subcontratistas deben acreditar o cumprimento das seguintes obrigas:

- 1) Dispoñer de infraestrutura e medios adecuados para levar a cabo a actividade, e exercer directamente a dirección dos traballos.
- 2) Acreditar que o seu persoal conta coa formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais.
- 3) Acreditar que dispoñen dunha organización preventiva adecuada.

Como se pode observar, **ningún destes requisitos é novo. A novidade consiste en que debe acreditarse o seu cumprimento á empresa contratante** (e á autoridade laboral, cando estean en funcionamento o Rexistro de Empresas Acreditadas), e no que o [incumprimento de este deber de acreditación](#) leva aparellado novas responsabilidades.

- **¿Cómo deben acreditar este requisito?**

A acreditación dependerá do momento que se considere:

- a) **Ata a posta en funcionamento dos Rexistros de Empresas Acreditadas**, as empresas que contraten ou subcontraten deberán vixiar o cumprimento de estes requisitos por si mesmas. Podería entenderse cumprida esta obriga, por exemplo, xuntando ao contrato de execución de obra unha declaración relativa ao primeiro requisito, así como documentación acreditativa de que a empresa conta cunha organización preventiva e certificación de que o seu persoal dispón de formación en materia de prevención de riscos laborais.
- b) **Despois de que os Rexistros estén en funcionamento**, as empresas contratistas e subcontratistas cumprarán esta obriga solicitando certificación de que as empresas coas que contratan están inscritas no Rexistro.

- **¿Qué ocorre si se incumpre este deber de acreditación?**

As empresas que non cumpran o requisito de solvencia terán as responsabilidades establecidas nas disposicións sociais para cada incumprimento. Por exemplo, quen non forme ao seu persoal en prevención de riscos laborais cometerá unha infracción grave.

Ademais, as empresas que contraten con outras empresas que non acreditan o cumprimento de estes requisitos cometerán infraccións (graves ou moi graves, segundo a actividade desenvolvida) en materia de prevención de riscos laborais, e responderán solidariamente de calquera obriga laboral e de Seguridade Social que correspondan á empresa contratada (artigo 7.2 da Lei). Esta responsabilidade é adicional ás xa establecidas na lexislación social, como a prevista no artigo 43 do Estatuto dos Traballadores para a cesión ilegal de traballadores, que podería apreciarse cando se dean os supostos previstos no mesmo, e que gardan relación cos requisitos previstos no artigo 4.1 da Lei.



## 2. A OBRIGA DE ESTABILIDADE NO EMPREGO

- **¿Cál é a porcentaxe mínima de traballadores indefinidos que debe ter unha empresa?**

As empresas que habitualmente realicen traballos no sector da construción deberán contar coa seguinte porcentaxe mínima de traballadores contratados con carácter indefinido:

- ⇒ Non inferior ao 10% dende a entrada en vigor do regulamento ata o 18 de outubro de 2008.
- ⇒ Non inferior ao 20% dende o 19 de outubro de 2008 ata o 18 de abril de 2010.
- ⇒ Non inferior ao 30% dende o 19 de abril de 2010.

- **¿Cando debe cumprirse esta obriga? ¿Cómo se cumpre?**

A partir da entrada en vigor da norma regulamentaria terase en conta a porcentaxe de traballadores indefinidos da empresa. O regulamento establecerá regras precisas sobre a forma de efectuar o cómputo da porcentaxe, así como normas transitorias para o período inicial da súa vixencia.

- **¿Qué empresas deben cumprir o requisito de estabilidade no emprego?**

O requisito de estabilidade no emprego esixe ás empresas nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se dediquen a actividades do sector da construción.
- Que, sen dedicarse a tales actividades, interviran en obras de construción por tempo superior a seis meses dentro dos doce últimos meses.



### 3. O REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS

- **¿Qué é o Rexistro de Empresas Acreditadas?**

É un Rexistro que debe crearse en cada Comunidade Autónoma (así como en Ceuta e Melilla) e que servirá para acreditar o cumprimento polas empresas contratistas e subcontratistas das obrigas relativas a súa solvencia, a súa disposición de unha organización preventiva adecuada e de uns recursos humanos coa formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais.

Ao Rexistro de Empresas Acreditadas correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións:

- Tramitar os procedementos relativos a solicitudes de inscrición, renovación, variación de datos e cancelación.
- Expedir as certificacións sobre as inscricións no rexistro existentes.
- Facilitar o acceso aos datos obrantes no Rexistro a calquera persoa ou entidade.

- **¿Quén debe inscribirse no Rexistro de Empresas Acreditadas?**

Todas as empresas contratistas e subcontratistas. Polo contrario, non é esixible aos traballadores autónomos nin a quen só actúa como promotor. Esta inscrición será única, válida para todo o territorio nacional.

- **¿Ónde inscribirse?**

No Rexistro correspondente ao territorio da Comunidade Autónoma onde radique o domicilio social da empresa.



- **¿Cando debe solicitarse a inscrición no Rexistro?**

Despois da entrada en vigor do regulamento, cada Comunidade Autónoma deberá crear un Rexistro. Deben terse en conta dúas circunstancias:

- Ata que non estea creado o Rexistro correspondente a súa Comunidade Autónoma non poderá solicitarse a inscrición.
- A inscrición non será esixible ata transcorrido un ano dende a entrada en vigor do regulamento de desenvolvemento da Lei de Subcontratación.

Unha vez inscrita, a inscrición terá validez por un período de tres anos, debendo solicitar a renovación dentro dos seis meses anteriores á finalización desa “data de caducidade”.

Tamén deberá comunicarse á autoridade laboral calquera variación dos datos de identificación da empresa incluídos no Rexistro, e a cancelación cando cesen na actividade ou deixen de cumprirse os requisitos necesarios para estar inscrito.

- **As empresas non establecidas en España que se desprazan cos seus traballadores, ¿teñen que inscribirse no Rexistro de Empresas Acreditadas?**

As empresas que realizan prestacións transnacionais de servizos teñen un réxime específico para o cumprimento deste novo conxunto normativo.

Cando os Rexistros estean en funcionamento, deberán inscribirse, si ben disporán dun procedemento simplificado de inscrición. Coa primeira comunicación de desprazamento que realicen xuntarán a documentación acreditativa do cumprimento do [requisito de solvencia e calidade empresarial](#). Dende ese momento se lles considerará inscritos de xeito provisional, ata que a autoridade laboral inscriba efectivamente ou denegue a inscrición no Rexistro.

En sucesivos desprazamentos, bastará con que indique na súa comunicación de desprazamento o número de inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas.



## 4. RÉXIMEN DE SUBCONTRATACIÓN

- **¿Cál é o réxime de subcontratación previsto pola Lei?**

No cadro anexo recollese de xeito esquemático o novo réxime de ordenación da subcontratación esixible dende o 19 de abril de 2007.

- **¿Qué se entende por subcontratista “intensivo” de man de obra?**

Subcontratista intensivo é aquel no que a súa organización productiva posta en uso na obra consista fundamentalmente na achega de man de obra, entendéndose por tal a que para a realización da actividade contratada non utiliza máis equipos de traballo propios que as ferramentas manuais, incluídas as motorizadas portátiles, aínda que contén co apoio de outros equipos de traballo distintos dos sinalados, sempre que estes pertencen a outras empresas, contratistas o subcontratistas, da obra.

- **¿Qué ocorre si se incumpre o réxime de subcontratación?**

As empresas afectadas (dende a contratista ata a derradeira subcontratista afectada) cometerán infraccións graves o moi graves en materia de prevención de riscos laborais.

Ademais, a empresa contratista e a subcontratista comitente da empresa subcontratista que interveña superando os niveis permitidos responderán solidariamente de calquera obriga laboral e de Seguridade Social que correspondan a esta última empresa subcontratista (artigo 7.2 de la Lei). Esta responsabilidade é adicional as xa establecidas na lexislación social.



## 5. O LIBRO DE SUBCONTRATACIÓN

- **¿A quen é esixible o Libro de Subcontratación? ¿Cándo é esixible?**

O Libro é esixible ao contratista, sempre que pretenda subcontratar parte da obra a empresas subcontratistas ou traballadores autónomos.

En canto ao momento da súa esixibilidade, hai que distinguir tres situacións:

- Dende o 19 de abril debe cumprimentarse, a lo menos, a ficha que figura no anexo de la Lei 32/2006, de 18 de outubro.
- Durante os tres meses seguintes á entrada en vigor do regulamento que desenvolva a Lei, poderá utilizarse tanto a ficha como o Libro de Subcontratación que regule dito regulamento.
- Transcorridos tres meses dende a entrada en vigor do regulamento, deberá utilizarse de xeito obrigatorio o Libro de Subcontratación.

- **¿Qué é o Libro de Subcontratación?**

É un Libro [habilitado pola autoridade laboral](#) no que o contratista debe reflectir, por orde cronolóxico dende o comezo dos traballos, todas e cada unha das subcontratacións realizadas na obra con empresas subcontratistas e traballadores autónomos. Serve para realizar o control e seguimento do réxime de subcontratación.

Respecto do Libro de Subcontratación, o contratista debe:

- Telo presente en la obra.
- Mantelo actualizado.
- Permitir o acceso ao Libro a:
  - Promotor, á dirección facultativa e ó coordinador en seguridade e saúde durante a execución da obra.
  - Empresas e traballadores autónomos da obra.
  - Técnicos de prevención.
  - Delegados de prevención e representantes dos traballadores das empresas que interveñan na obra.
  - Autoridade Laboral.
- Conservalo durante os cinco anos posteriores á finalización da súa participación na obra.

- **¿Quén debe habilitalo?**

O contratista deberá presentar o Libro de Subcontratación á autoridade laboral da Comunidade Autónoma do territorio onde se execute a obra, para que esta proceda a súa habilitación.

## **6. OUTRAS OBRIGAS**

Finalmente, a Lei esixe tamén que dende o 19 de abril de 2007 as empresas dispoñan da documentación ou título que acredite a posesión da maquinaria que utiliza e da documentación que esixen as disposicións legais.